



PROPOSTA DE BASES DE PARTICIPACION NA CAMPAÑA “NADAL DISTINTO, NADAL EN SADA” 2018.-

A Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada xunto o sector comercial e empresarial do Concello de Sada, co obxectivo de promocionar e potenciar o comercio local e o consumo de proximidade neste municipio pon en marcha a campaña “Nadal distinto, Nadal en Sada”.

1.-Ambito de participación:

Poderá participar calquera establecemento comercial que así o solicite do Concello de Sada.

2.-Datos de celebración:

Do 1 de decembro do 2018 ao 5 de xaneiro de 2019 (a.i.)

3.-Inscripción:

As instancias (Anexo I) solicitando tomar parte no certame presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, ou telemáticamente nos enderezos promocioneconomica2016@gmail.com ou turismodesada@sada.gal. O prazo de presentación de instancias será do 21 ao 30 de novembro do 2018 (a.i.) .

4.- Obxeto de participación:

Ca finalidade de potenciar e fomentar a compra nos comercios locais, os participantes na campaña entregaran por cada cliente selos de compra que os facultan a entrar no sorteo de diversos premios.

Así mesmo o Concello entregará aos locais participantes o material necesario para levar a cabo o sorteo, así como decoración de nadal común a tódolos establecementos co fin de identificar corporativamente este campaña.

4.-Difusión do material de participación:

Unha vez pechado o prazo de inscrición o Concello de Sada difundirá e promocionará todo o relativo a presente campaña a través da páxina web do concello, redes sociais e outros medios de difusión.

O deseño do material correrá a cargo do persoal do concello.

O material a entregar a cada participante será; camisetas identificativas da campaña (2 por establecemento) , cartelería, material para a participación nos sorteos (selos e tarxetas), decoración navideña. Así mesmo establecerase unha “Ruta de Compras” na que se realizará por parte do Concello a sinalización e identificación daqueles establecementos que así o soliciten

6.-Modo de participación:

Cada establecemento donará un agasallo para ser sorteado entre os clientes que realicen as compras nas datas establecidas.

Así mesmo entregaran un selo de compra por cada cliente que realice compras por importes superiores a 5 €. O selos necesarios para participar nos sorteos poderán ser conseguidos no mesmo ou en distintos establecementos. Para participar no sorteo deberán achegarse tarxetas cun mínimo de 10 selos.

Os gañadores elixiranse mediante sorteo que se realizará o vindeiro día 7 de xaneiro de 2019, na Oficina Municipal de Turismo.

Os premios de dito sorteo serán:

- Unha cesta de agasallos doada polos establecementos participantes.
- Vale por importe de 100 € para cambiar en calquera dos establecementos participantes.

Para entrar no sorteo deberá entregarse a papeleta de participación debidamente cumplimentada e cos correspondientes selos de compra na O.M. de Turismo en horario de 10:00 h a 15:00 h. de

luns a sábado durante a celebración da campaña (do 1 de decembro do 2018 ao 5 de xaneiro de 2019 (a.i.). Os premios non poderán concorrer no mesmo participante.

7.-Aceptación das bases:

A participación no certame implica a aceptación das presentes bases así como a súa resolución.
Sada, 14 de novembro de 2018.



Xosé Lois Suárez Becerra
Concelleiro de P. Económica,
Turismo e Medio Ambiente.